

Unha vez máis, dende a Fundación CEL - Iniciativas por Lugo, a través da Sala de Innovación Tecnolóxica Empresarial (SITE), poñémonos en contacto con vostedes para informalos de que o próximo 15 de maio darán comezo os denominados Obradoiros Titorizados, accións puramente formativas que a Fundación CEL desenvolverá na súa Sala de Innovación Tecnolóxica Empresarial, que se impartirán entre os meses de maio e novembro de 2009 e que se centrarán nos seguintes temas:

1. Software libre na túa empresa I
2. Software libre na túa empresa II
3. A túa oficina en Rede I
4. A túa oficina en Rede II
5. Copias de seguridade sobre Linux
6. Manexo e aproveitamento do xestor de correo "Evolution"

Estos Obradoiros, enmarcados no Proxecto EmprendeTIC 2009, van dirixidos, como o resto do proxecto, a emprendedores, novos empresarios ou empresas consolidadas que de forma individualizada ou en pequenos grupos homoxéneos poderán, en espazos curtos de tempo axeitados ás súas axendas, solucionar dúbidas sobre estes temas así como asesorarse en materias relacionadas coas TIC que supoñan unha mellora de proceso nas súas empresas.

Para asistir a estes obradoiros terá que solicitar cita a través do número de teléfono 902.300.982 ou ben na páxina Web <http://www.fundacioncel.org/site>

Obradoiros Titorizados



Os Obradoiros Titorizados da Sala de Innovación Tecnolóxica Empresarial SITE

Do 15 de maio ao 15 de xullo
Do 15 de setembro ao 15 de novembro

Cita Previa



site

sala de innovación
tecnolóxica empresarial

Obradoiros Titorizados

Software libre na túa empresa I

As pemes, ao facer uso do software privativo, destinan parte do seu presuposto a pagar licenzas por programas básicos para calquera negocio (un cliente de correo, unha suite ofimática, un navegador web, un antivirus...). O software libre, de carácter gratuíto, posibilita unha redución notable destes custos ou a súa eliminación e ofrece os mesmos servizos. Por este motivo, daranse a coñecer as alternativas de software libre existentes na actualidade.

Software libre na túa empresa II

A segunda parte do obradoiro sobre software libre centrarase no modo de uso dun programa moi útil para as empresas, o Open Office, unha suite ofimática de software libre e código aberto, de distribución gratuíta, que inclúe, entre outras ferramentas, procesador de textos, folla de cálculo, presentacións e base de datos.



A túa oficina en rede I

Neste taller amosarase como realizar unha interconexión dos equipos dunha peme por medio dunha rede corporativa que facilita que os traballadores da empresa compartan carpetas, arquivos e dispositivos externos (impresoras, escáneres, etc.), optimizando así o tempo de traballo sen realizar investimentos extra en equipamento informático.



A túa oficina en rede II

Na mesma liña de proveito da interconexión dos equipos atópase a opción da conectividade remota, que lles permite aos empresarios darlle ao seu persoal a posibilidade de traballar ocasionalmente dende a casa. Os traballadores só necesitarán contar cun ordenador con conexión a Internet e poderán, por exemplo, ter acceso ao correo electrónico ou iniciar sesión na rede da empresa.



Copias de seguridade sobre Linux

A realización de copias de seguridade é un aspecto moi importante do funcionamento dunha empresa, xa que a perda de información pode supoñer un gran custo. As copias pódense facer internamente, nas instalacións da propia empresa, ou externamente, enviando a información de xeito cifrado a través de Internet a un servidor externo. Este obradoiro servirá para aprender a montar un servidor de copias de seguridade e a programar as devanditas copias nos equipos da empresa.



Manexo e aproveitamento do xestor de correo "Evolution"

"Evolution" é un xestor de correo que combina e-mail, calendario, libreta de direccións, lista de tarefas e funcións de xestión. A súa interface de usuario e a funcionalidade son similares ó máis común Microsoft Outlook, porén, ten algúns trazos distintivos, como a indexación de todo o correo entrante, poderosos filtros de correo electrónico e a opción denominada "Carpetas de busca" (é dicir, buscas gardadas que se poden ver como carpetas de correo).

